

## ADDENDA Á PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA DO DEPARTAMENTO DE XEOGRAFÍA E HISTORIA

Curso 2021-2022

En base ao disposto pola Orde de 25 de xaneiro de 2022, pola que se actualiza a normativa de Avaliación nas Ensinanzas de Educación Primaria, de Educación Secundaria e de Bacharelato no Sistema Educativo de Galicia, os membros do Departamento de Xeografía e Historia realizan, de forma colexiada, modificacións á Programación Didáctica para o vixente curso.

### 3ª AVALIACIÓN PARCIAL

Nos catro niveis da ESO (1º, 2º, 3º, 4º), a Terceira Avaliación Parcial será a partir do 6 de xuño.

Esta 3ª Avaliación farase conforme á Programación vixente (segundo se viña facendo até agora na Avaliación Ordinaria de xuño).

O cálculo da cualificación farase mediante Avaliación Continua. O(s) exame(s) incluírá(n) 1/3 das preguntas correspondentes ás materias da 1ª e 2ª avaliación, e 2/3 das preguntas correspondentes ás materias da 3ª avaliación. Estas Probas Obxectivas contarán o 70% da nota. O profesorado guiará o alumnado para o estudo das preguntas relativas ás 1ª e 2ª avaliacións, proporcionándolle un listado de contidos mínimos a preparar e orientándoos no seu estudo. As actividades realizadas no caderno de clase ao longo do curso contarán un 20% da puntuación, e a actitude un 10%. A avaliación aprobarase obtendo un mínimo de 5 puntos en total.

### AVALIACIÓN FINAL

Nos catro niveis da ESO (1º, 2º, 3º, 4º), a Avaliación Final será a partir do 23 de xuño, polo que desaparece a antiga avaliación extraordinaria de setembro.

Durante o período comprendido entre o 6 e o 23 de xuño, o **alumnado aprobado na 3ª avaliación** (continua), realizará actividades de ampliación, que tamén poden incluír probas obxectivas escritas, ben mediante exame ou ben mediante a entrega de tales actividades, segundo determine o profesorado en diálogo co alumnado. Estas probas repercutirán nun incremento de até un punto que se sumará á nota obtida con anterioridade.

**O alumnado que non teña superada a materia** realizará, entre as citadas datas, actividades de apoio, reforzo e recuperación dos contidos da materia, adaptándose para o caso os criterios utilizados na 3ª Avaliación Parcial (contidos mínimos, estudo orientado). Estas actividades incluírán probas obxectivas escritas (exame) que permitirán superar a materia a partir da obtención de 5 puntos na nota. Se fose favorable para a cualificación do alumnado, o

profesorado poderá ponder positivamente o traballo global realizado polo alumno/a ao longo do curso (actividades de caderno, actitude).

### **AVALIACIÓN DE PENDENTES**

O alumnado que non logrou superar a materia pendente a partir do seguimento feito durante o curso ordinario, realizará no mes de xuño actividades de apoio, reforzo e recuperación da materia pendente, e realizará una proba escrita ou oral de contidos mínimos abreviados. O alumno/a superará a materia obtendo una cualificación igual ao superior a 5 puntos. O profesorado poderá ponderar positivamente o traballo global realizado polo alumno/a ao longo do curso actual (actividades de caderno, actitude, exames realizados e notas obtidas), se repercute favorablemente na cualificación da materia pendente.